

OllOs

de aula

ANO III - Nº 22 - Xuño 2015

Revista para as familias do alumnado



**Chegaron as
vacacións!**

**Coeducación,
moito por
facer**

**Repasar no
verán?**

SAMSUNG

12:59 PM

Anima ao teu fillo/a e xuntos/as buscade e colaborade con ditos, recitados e cancións infantís en www.orellapendella.org



Música, xénero, reflexións, publicidade... e, sobre todo, literatura, moita, moita literatura no blog da nosa colaboradora Gracia Santorum. De visita imprescindible: <http://ir.gl/adf287>

SONY

Estades preparando a chegada dun novo membro á familia ou tedes na casa un neno/a de menos de 6 anos? Entón deberíades visitar www.apego.gal



A Xunta modifica o sistema de axudas para a adquisición de libros de texto. Así funciona o novo modelo: <http://ir.gl/df68a3>

BlackBerry

12:21



Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Do 3 ao 11 de xullo achégate coa familia a Cangas e gozade da XXXII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo. Infórmate en www.mostrateatrocangas.org

Grazas a todos e todas por colaborar, ler e difundir *Ollos de aula* ao longo destes tres anos.
Boas vacacións!

SAMSUNG

12:45 PM

A pregunta

Por que se precisan proxectos de sensibilización coeducativa?

Responde: Carme Moure Espiño

[Profesora de Lingua e Literatura Galega do IES Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa)]



Cantas veces, no cine, na tele, na música... temos escoitado iso de “*Quérote máis que á miña vida*” ou “*Sen ti non son nada*”? É algo que pertence ao pasado? Pois non, a realidade tende a desmentilo habitualmente.

Moitos e, sobre todo, moitas mozas seguen a ter no seu ideario romántico esa mestura de AMOR e DOR. Esta combinación implica renuncia, perda e sufrimento. Son elas as que, normalmente, soportan a carga negativa da relación, sobrevalorándose así o sacrificio feminino, pensando que a capacidade de amar pode con todo, transformando, coma no conto, o lobo en cordeiro. De aí que se confundan os celos co afecto, que se busquen razóns para o comportamento violento, crendo que este se pode controlar, que prevaleza a subxectividade á hora de considerar ou non unha actitude como violenta... Por iso, resultan imprescindibles proxectos educativos que ensinen a xente nova a manter relacións sentimentais menos tóxicas e máis igualitarias:

- Visibilizando o que significa a violencia de “dominio emocional”.
- Axudando a percibir os melleiros de estereotipos sociais, tanto femininos como masculinos, que se amorean a diario nas nosas retinas.
- Educando emocionalmente para saber pór límites, traballando o empoderamento das mozas.

En definitiva, cómpre axudalas a construír espazos persoais, a ter un “cuarto propio” que fomente a súa autoestima e lles permita escoller o camiño, lonxe de princesas *Disney* ou bonecas *Barbie*. Como ben di Sés no seu último disco, *Tronzar os valos*, “*o amor, cando é verdade / non pode amargar a vida / non ten que pagar a pena / ten que pagar a alegría*”.



Coa chegada das vacacións de verán, chega unha época de toma de decisións das familias. A estas alturas de curso, as crianzas máis pequenas están cansas e xa custa seguir o ritmo. Que deben facer os nenos e as nenas durante o verán? Asistencia a campamentos? Deixámonos sucumbir ante a impresionante oferta das editoriais de cadernos e demais complementos?...

Repasar no verán?

M^a Montserrat Castro Rodríguez

[Profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña]

Parece evidente que os nenos e as nenas teñen que descansar porque están cansos/as. Descansar non quere dicir non facer nada, senón que poidan realizar actividades que, como aos adultos, lles axuden a desconectar do saturado curso académico... Polo tanto, a oferta de iniciativas debe ter en consideración que se poden buscar alternativas coas que seguir aprendendo e gozando á vez, premisa que non sempre se consegue no colexio. Debemos concienciarnos de que as aprendizaxes da escola deben estar e servir para a vida ordinaria. Polo tanto, o verán pode ser unha boa oportunidade para darlle cabida a todo iso que aprenden na escola, adaptalo aos gustos e intereses do rapaz e da rapaza. Conxuntamente identifiquemos que lles gusta e, a partir de aí, organicemos as actividades que se queren desenvolver. Para o repaso ou o perfeccionamento dos contidos académicos, non é preciso ningún caderno *ad hoc*. Algúns exemplos...

- A lectura debe ser unha compañeira, gratificante e non imposta. Crear o hábito lector non é doado, pero é imprescindible buscalo. No verán deben ler todo aquilo que os/as deleite”, que satisfaga os seus intereses e gustos... Tempo para as exploracións de ámbitos de lectura... Unha opción para o tempo libre. Os contos, a banda deseñada, libros de colorido sen excesiva lectura, no caso dos non grandes lectores. E, por que non?, se cadra, fomentar



a invención de historias, que poderán ser escritas, grabadas, debuxadas, a elaboración dun libro propio...

- Os nenos e as nenas deben asumir responsabilidades directas na vida familiar. Por exemplo, unha primeira actividade pode ser elaborar un plan de que facer cada día, que se poderá realizar por escrito, por imaxes, etc.
- Colaborar nas tarefas diarias da casa.
- A realización da lista da compra implicará lectura, escritura e mesmo matemáticas, que poden complementarse con facer un seguimento das necesidades de compra, buscar na publicidade onde hai eses produtos a prezos máis axustados, elaborar a listaxe, facer un presuposto, colaborar na propia conta, etc.
- Encargarse de organizar, clasificar e etiquetar caixóns da roupa, a librería, os CD e DVD, etc.
- Se se vai facer unha viaxe, a implicación para a selección do lugar, o medio de transporte, o presuposto económico, mirar mapas, identificar lugares de interese.
- Se non hai viaxe, encargarlles a busca de actividades para o ocio e o tempo libre no seu contorno próximo, tanto para el ou ela como para familia. Fixarse nos taboleiros, na publicidade, nas axendas de xornais e de internet.

Para repasar non é preciso ningún caderno

- A realización de coleccións, álbums de fotos, de recortes... das temáticas máis variadas. A recollida de obxectos, a pesquisa en libros, facer fotos, balear catálogos de viaxes, de revistas temáticas, procurar información en internet, etc.
- Unha lupa, un metro, unha cámara de fotos, algún aparello para a investigación, etc.



{OS ESTÁNDARES DA LOMCE}

Outra das novidades da LOMCE son os estándares de aprendizaxe, uns novos elementos que se deben de ter en conta á hora de avaliar o noso alumnado. Que son exactamente? Pois, polo que puidemos ir lendo ata agora, os estándares son valores medibles e observables cos que se pretende concretar os criterios de avaliación. Dito doutra maneira: trátase de especificar o máximo posible o que os rapaces teñen que aprender e cuantificalo con táboas de puntuación moi detalladas. Esas táboas, nas que imos establecendo os graos de coñecemento e a súa puntuación, chámanse rúbricas e constan de filas e columnas.

Por exemplo, para avaliar un rapaz de 2º curso na área de Ciencias Sociais e no tema das festas do seu contorno, creamos unha táboa cunha fila na que establecemos un

estándar: "Explica oralmente festas e costumes propios do seu lugar", e asignámoslle un valor, por exemplo, do 20% da cualificación total. E dentro deste estándar establecemos diferentes graos de coñecemento (por columnas): por exemplo, se cumpre o estándar previo, estaría na columna 2; se ademais coñece festas doutras comunidades e sabe explicalas, entraría na columna 3; se pode comparar festas presentes e pasadas e asocialas con acontecementos históricos, pasaría á columna 4, etc. Non sei se é o cansazo dun curso que xa chega ao remate, ou este sol quentacabezas, pero tanta táboa lémbreme máis a bonoloto ca unha avaliación educativa. Que Deus nos colla confesados. Bo verán!!




CADENCIAS

Gracia Santorum

UNHA HOMENAXE A AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ
NO ÚLTIMO NÚMERO (OU DERRADEIRO)

Para o lectorado máis novo:

Amizades secretas [Ed. Rodeira-Edebé]. Con este libro podemos comprender mellor como a vida dos animais, neste caso unha familia de ratos, seméllase á vida dos humanos, de como unha ratiña espelida quere adentrarse en novos mundos e explorar para satisfacer a súa curiosidade... A perspectiva «ratonil» está presente en todo o texto. Pero o autor tamén nos amosa outra perspectiva ben diferente: a dos humanos.



Para o lectorado máis avanzado:

O segredo da Illa Negra [Ed. Xerais] Dúas historias onde as protagonistas son dúas nenas afoutas, que fan da valentía a súa gran virtude e que axudarán a salvar a quen teñen arredor. De fondo, o mar e o maxín, buguiñas amigas e unha néboa mesta que todo o envolve.

A escrita do mestre adobiada polas ilustracións do máis grande, Miguelanxo Prado. Que máis se pode pedir?



Para a adolescencia:

A neve interminable [Ed. Xerais]. O mellor desta obra é a variedade de historias que nos propón a trama principal, ese xogo de escritos e argumentos para escollermos cal nos gusta máis, unha historia de historias de diferentes voces narrativas que intercalan o que acontece cos contos que escriben os e as protagonistas, esa mestura de pantasmas que foxen da soidade, vampiros moi familiares, monstros que ninguén ve e vinganzas eternas. Ao tempo, unha homenaxe permanente e típica do autor, ao mundo do cine e a autores de referencia como Howard Phillips Lovecraft, Mary Shelley e Lord Byron.



Da lingua

Equipo de futuro

Detrás de *Ollos de aula*, en cada liña, en cada sección, hai moita xente ilusionada a dar o mellor do seu talento.

Desde o primeiro número quixemos que esta revista fose un lugar de encontro. Un espazo aberto para a divulgación de valores e ideas que dan sentido á educación: democracia, igualdade e civismo, tratados sempre desde unha actitude integradora, mais tamén con espírito crítico.

Detrás desta revista hai toneladas de esforzo. Non só do Consello de Redacción, senón, sobre todo, desas persoas do ámbito educativo que foron colaborando con nós de modo desinteresado, compartindo de forma xenerosa os seus coñecementos sobre mil e un temas que non somos quen de resumir neste espazo mínimo.

Todas esas persoas, a quen tanto lles debemos, son tamén parte desta Coordinadora de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Forman, pois, o núcleo dunha comunidade de afectos que procura un obxectivo común: conseguir que a nosa lingua sexa un idioma vivo, que usamos acotío para educar e educarnos, sen escusas nin complexos. Porque preferimos dar trigo a predicar en falso, convencendo con argumentos.

E grazas tamén a vós: a todas esas familias que procurades nestas páxinas un guieiro de esperanza para o porvir da nosa lingua.

Porque vós si que sodes *equipo de futuro*.

